



POLOS CREATIVOS

SA-Harmonías en movemento
03-Vai ou non vai?

Vai ou non vai?

Achega

- 3 pezas de cartón ondulado simple cortadas segundo os modelos descargables.
- Soporte para vinilos impreso en 3D.
- Agulla de coser.
- Cortadora láser (opcional).
- Coitelo de precisión, cinta adhesiva tipo "carroceiro".
- Disco de vinilo vello (é importante que non teña moito valor emocional).

Observa

Desde que Edison inventou o primeiro fonógrafo no s XIX, a historia do rexistro fonográfico tivo un papel importante na era dos inventos e das patentes. Foi unha vertixinosa carreira tecnolóxica por ver quen lograba os medios de gravación e reprodución máis avanzados.

Estes enxeños do pasado asentaron os fundamentos nos que se basea a enxeñería sonora e música actual. Os mellores exemplos de todo isto son o gramófono e o vinilo, que non só rexorden en mans dos melómanos (persoas que aman a música), senón que seguen a ser a orixe de moitos conceptos e procesos sonoros da programación musical e disc-jockey.

Indaga

- Os discos de vinilo están feitos de plástico pero tamén foron construídos en goma laca. Son os sucesores dos primeiros cilindros de cera dos fonógrafos. Poderían ser doutros materiais? Chegaron a existir discos de lousa?
- Sabías que aos discos grandes chámanlle LP (*Long play*)? Son discos de 30,5 cm de diámetro nos que se poden gravar 20-25 minutos de son en cada cara.

Prototipa

- Constrúe o tocadiscos de cartón seguindo as instrucións paso a paso.
- Coloca sobre o soporte o vinilo e pousa a agulla enriba do mesmo, nunha zona que teña sucos.
- Comeza a xirar manualmente o vinilo no sentido das agullas do reloxo experimentando as características do son que produce.
- De que xeito incide a velocidade de xiro na altura do son? E no tempo da música? Que acontecería se xirásemos o vinilo ao revés?



Sigue o código QR do reverso para descargar o material complementario. Emprega o acceso de convidados.

